

Brais González Pérez: *Sangue sobre silencio*

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2005]). “Brais González Pérez: *Sangue sobre silencio*”. *A Trabe de Ouro*: 61, 121-123. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1111>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (2005). “Brais González Pérez: *Sangue sobre silencio*”. *A Trabe de Ouro*: 61, 121-123.

* Edición dispoñíbel desde o 12 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

BRAIS GONZÁLEZ PÉREZ:
SANGUE SOBRE SILENZO
Edición do autor, 2004

Anxo Angueira

É de saudar con firme ledicia a publicación, a presenza, a intervención, a entrada no sistema literario galego deste poemario, *Sangue sobre silencio*, e deste autor, Brais González Pérez (Salceda de Caselas, 1988). Non chama á porta, e permítaseme que nisto contradiga —só son cuestións de retórica— o perspicaz prólogo de Antón Figueroa, mestre. Con *Sangue sobre silencio*, con este auténtico e senlleiro milagre do mundo, entra, xa entrou na literatura galega algo realmente novo —negación das idades—, unha palabra, unha voz distinta, horizontes inéditos.

E faino —non é ningún paradoxo: é a espiral— pisando firme, tripando por camiños que outros libros e outros poemas e outras voces foron abrindo. Sendo tan novo e rompedor, por *Sangue sobre silencio* falan quedo as voces máis brillantes e máis lúcidas da historia da nosa poesía. Ía decer poesía política pero vou evitar a tautoloxía. Con Brais González Pérez volven entrar Pondal e Cabanillas; Manuel Antonio; Lorenzo Varela e Heriberto

Bens, Farruco Sexto Novás e Darío Xohán Cabana. E Celso Emilio, e Celso Emilio. Non é ningún paradoxo: é a espiral. A espiral que Brais González cita en prólogo, títulos e versos. Fluír cíclico, sen fin e sen principio, dialéctico de tódalas cousas. A espiral da vella UPG, a espiral das Redes Escarlata, organización na que o noso autor milita. É este libro, pois, sendo golpe inagardado, unha volta máis no parafuso, na rosca helicoidal por onde flúe o río caudaloso da poesía galega e en cuxas augas —feitas tamén de sangue—, bebe e se baña, compartindo *werden* e devalar con orgullo, este novo *Sangue sobre o silencio*, que nos fai a todos «parte das ás nas que pousa a aigue».

Si, para min é un libro épico. E así como o noso autor é memoria de outros que o precederon, así o seu presente é lembranza de outros presentes que pasaron. Dísenos explicitamente no poema que lle dá título á obra: «todo o tempo pasado é presente». E a lembranza é un exercicio contra o silencio, contra a amnesia, contra a fin da historia. O centro destroutra espiral é Sobredo, desde a dedicatoria ós seus mártires, onde Brais se relocaliza, se reterritorializa: «Pro nós somos os de eiquí», primeiro verso do poemario. Somos pois agraristas, de Acción Gallega e *La Zarpa*, insurxentes de Cabanillas, Nebra e Oseira, lume no pazo. E a partir de aí a historia resistente dos presos, dos fusilados, foxo común, Bóveda, dos mineiros de San Fins, do exilio e do Exército Guerrilleiro, do 72 de Vigo e Ferrol, Moncho Reboiras e Humberto Baena, Ascón e Barreras... A historia sen fin, porque o autor non participa da utopía finalista «vitoria por sempre renacente e apagada». Potemkin.

E sentados con Brais González nos mesmos escanos «onde moitos ergueron o puño e foron derrotados» ó pé da lareira dos seus versos, vemos «arde-lo lume das xeracións» que non puideron disociar nunca, nunca, o campo político do campo literario, condenados coma Brais e coma Rosalía a empuñaar a pluma, di el «culata nova», de facer república e liberdade, facendo grande literatura, produción do capital simbólico que nos alimenta coma un pan infinto, pán do que comeu Brais González e que el agora amasou con sangue sobre un tendal de silencio, levedado en escuras estancias, pra nosoutros.

«Si mi pluma valiera tu pistola», velaí. A poesía de Brais renega da paz, «a pomba da paz soio existe / no rifle dos que ordenan que / sexa soterrado o rostro pálido da raza / sen ser nin tan supremamente morto». Épica non pacifista, contraria ó entreguismo, ó pactismo, a Ulm Roan, á Reforma Política, á Segunda Restauración Borbónica, cuestionándose o presente dun xeito radical.

Non pense o lector que *Sangue sobre silencio* se acomoda ós tópicos da nosa poesía épica moderna executando exercicios de recreación e autocompracencia. Está ben lonxe. Cando en acrósticos pon Liberdade Galiza ou Galiza Ceibe, faino sabendo que antes se dixo, pero el dínolo dun novo xeito, agora. Tamén é certo que di *nós*, e *sangue*, *Patria*, *pobo*, *ergueito*, *proletario*. Mais no panorama actual da nosa poesía, pór esas verbas resulta pouco menos que vencer un tabú. Coma *comunismo* e *independencia*, que tanto berraba Amaury en *Bretaña*, *Esmeraldina*. Dito sexa de paso, persoalmente considero todo un síntoma que a tal novela sexa lectura incorporada de Brais González.

Íspese, pois, o noso autor, desas censuras, libérase, retórcese rexo contra o canon léxico e contra o estereotipo, como unha serpe, como a serpenta de Freud.

Xa fala acertadamente Antón Figuroa de surrealismo no prólogo. Pois si, pero hai aquí unha modulación estética igualmente rexa, potente e poderosa, nunca vista nos ensaios his-

tóricos que quixeron combinar, enlear, xuntar, Marx con Freud; referímonos sobre todo ós de Farruco Sexto Novás e Méndez Ferrín. Poesía que profana a herba podre, que cuspe os restos de Bóveda. Versos que foxen da pucharca, da poza, da lagoa, versos de río e mar, auga que non é devagar, auga que desemboca.

Poesía que beira a abstracción axudándose de xuntoiros sorprendentes, de «con sen nome»; forzadas discordancias, «inxustas explosión», «verba estériles». Brais González dinamiteiro da fala e da sintaxe: «árbores murchan do pretérito», «lingua fame de eixada rota», «no chumbo iste do ogallá», «gorrións imposíbeis rebolen con piares / de através da gorxa». Poesía que vibra áspera na forma e convulsa nos seus caídoiros e íntimas cenizas indecisas contra as augas mortas do encefalograma plano, pensamento cero, paz. E polo meo da enxurrada, pulsións de vida e morte, eros e tánatos, ó revés pólvora e magnolias, navegan aínda as *dames du temps jadis*, Pimentel, o rimel dos labios, dos beizos, o sangue dos labres rompedor, biquiño encarnado Menina Nhadron: «coa forza da lingua abrimos / o sulco do mundo / que habita entre os labres».

Gustárame, finalmente, indicar que este libro nace nas marxes. O autor non sei se buscou as canles, as poucas canles abertas de que hoxe dispomos para facer público o traballo poético. Seguro que se lle fecharon. É cativo o *Sangue* dun pícaro, suxeito da aldea e proletario, para ser aceptado no escaparate dos nosos soños, digo dos nosos libros. Pero quérolle decer que é así. Que este *Sangue sobre silencio*, que foi nado en autoedición, cón axuda financeira do seu Concello, nas Gráficas Juvia de Guillarei, dous meses despois da celebración, como reza no colofón, do 25 cabodano de Celso Emilio, e dous antes, digo eu, e non fai falta, de que se conmemore o 28 de novembro, data en que foron mortos os mártires do seu Sobredo, ten que nacer así, nas marxes, lonxe da doxa e do imperio, no exilio, irmán de Rotbaf Luden, de Amaury, da costureira e Rosalía, de Manuel Antonio, de Heriberto Bens, botado do río Caselas, coma o bardo de Pondal o fora do mar de Niñóns. Que non lle caiba dúbida a Brais González, agora que entra desde as marxes no sistema literario galego, tamén marxe e arrabaldo e periferia, que ese é o mellor camiño, o bosco de Perceval, a Grande Fraga, a máis lúcida derrota, para avanzar e singrar e navegar. Así que non teño máis que desexarlle bestas e incidentes, tempestades e naufraxios para a súa aventura / través, que todos intuímos moi fecunda e moi feliz, na república mundial das letras.